

DECLARACIÓN DE PONTEAREAS

En Ponteareas, o día 31 de marzo de 2016, don Carlos Varela García, fiscal da Fiscalía Superior de Galicia, en representación da Irmandade Xurídica Galega; don Xosé Represas Giráldez, alcalde do concello de Ponteareas; don Arturo Grandal Vaqueiro, alcalde do concello de Salvaterra; don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, alcalde do concello das Neves; don Marcos David Besada Pérez, alcalde do concello de Salceda de Caselas; dona Ana Cerviño Álvarez, tenente de alcalde do concello da Cañiza; don José Antonio Lorenzo Rodríguez, alcalde do concello de Mondariz-Balneario; don Xoán Carlos Montes Bugarín, alcalde do concello de Mondariz; don Juan Pablo Castillo Amigo, alcalde do concello de Covelo, dona Salomé Troncoso Viéitez, tenente de alcalde do Concello de Arbo; don Julio C. García-Luengo Pérez, alcalde do concello de Crecente e os profesionais do dereito exercentes nos respectivos partidos xudiciais que asinan ao pé MANIFESTAN:

CONSIDERANDO que coa incorporación da lingua galega ao currículo escolar, disto hai xa varias décadas, capacitouse lingüísticamente para o seu uso na escrita á maioría da poboación activa, estimamos que esa competencia debería manifestarse no traballo dos profesionais do Dereito e da Administración de Xustiza.

CONSIDERANDO que a Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias manifesta que a protección e a promoción das linguas minoritarias nos diferentes países e rexións de Europa representan unha contribución importante á construción dunha Europa fundada nos principios da democracia e da diversidade cultural.

CONSIDERANDO que a Lei 3/1983 de 15 de xuño de Normalización Lingüística de Galicia, recoñece a validez dos escritos en lingua galega nas relacións coa Administración de Xustiza e o dereito a seren notificados neste idioma a instancia de parte.

CONSIDERANDO que o Parlamento de Galicia aprobou en 2004 por unanimidade o Plan Xeral de Normalización Lingüística, documento que recolle un catálogo de medidas concretas encamiñadas a converter o galego nunha lingua do século XXI e a garantir que as persoas poidan vivir plenamente na nosa lingua, conferíndolle ás administracións públicas arbitren medidas para promover o seu uso en todos os ámbitos sociais.

A IRMANDADE XURÍDICA GALEGA, entidade privada sen ánimo de lucro que se engloba na Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, que aglutina a máis de douscentos profesionais do Dereito e da Xudicatura, vén desenvolvendo deste hai anos actividades para concienciar aos profesionais do dereito na opor-

tunidade de sumárense a este proceso de normalización lingüística e a ofertaren os seus servizos consonte co réxime de cooficialidade lingüística que a Constitución e o Estatuto de Autonomía para Galicia establecen.

Por todo o exposto, e sempre no marco da tolerancia e colaboración que presidiron a elaboración das anteditas normas, os comparecentes na cualidade na que interveñen

DECLARAN

Primeiro.- Introducir a oferta positiva de atenderen aos seus clientes con naturalidade e espírito de cortesía e conciencia lingüística.

Segundo.- Promover unha visión afable, moderna e útil da nosa lingua que esfarele prexuízos e reforce a súa estima e demanda.

Terceiro.- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.


A) CONCELLOS

1. Dar instrucións aos respectivos servizos xurídicos municipais -proprios e externalizados- para que incorporen a lingua galega nas actividades procesuais -escritas e orais- dando defendan os intereses dos concellos, e demandar formalmente dos órganos xurisdiccionais que se dicten resolucións en lingua galega consonte co artigo 7.2 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística.


2. Asemade, dar as indicacións oportunas para que as notarias fagan outro tanto en todos os actos xurídicos documentados que se lles encarguen.

B) OPERADORES XURÍDICOS


Os operadores xurídicos asinantes comprométese a invocar o artigo 7.2. da Lei de Normalización Lingüística nos seus escritos de demanda solicitando dos órganos xurisdiccionais se dite resolución en lingua galega, e solicitar que se redacten en galego os documentos que nela se tramiten.




Asdo. Xosé Represas Giráldez, alcalde do Concello de Pontareas



Asdo. Arturo Grandal Vaqueiro, alcalde do Concello de Salvaterra de Miño




Asdo. Xosé Manuel Rodríguez Méndez, alcalde do Concello das Neves




Asdo. José Antonio Lorenzo Rodríguez, alcalde do Concello de Mondariz Balneario



Asdo. Xoán Carlos Montes Bugarín, alcade do Concello de Mondariz




Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo, alcalde do Concello de Covelo




Asdo. Ana Cerviño Álvarez Tenente de alcalde do Concello da Cañiza




Asdo. Julio C. García-Luengo Pérez, alcalde do Concello de Crecente






Asdo. Salomé Troncoso Vieitez, tenente de alcalde do Concello de Arbo




Asdo. Marcos David Besada Pérez, alcalde do Concello de Salceda de Caselas


Asdo. Anxo Manuel Fernández Saborido, Procurador




Asdo. Roberto Mera Covas, avogado




Asdo. Xaime Zúñiga Caballero, avogado




Asdo. Isabel Blanco Franco, avogada



Asdo. Mónica Velasco Pérez, avogada



Asdo. Rosana Rodríguez Ayalle, avogada





Asdo. Marcos Martínez López, avogado



Asdo. Jesús Antonio Fernández Suárez, avogado



Asdo. Augusto Saavedra Davila, avogado



Asdo. Carmen Otero Lage, xuíza de Paz do concello de Mondariz



Asdo. Antonio Fernández Faro, tramitador xudicial



Asdo. Carlos Varela García, Fiscal da Fiscalía Superior de Galicia